

C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión de data 25.04.2016, a “Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais polo Concello de Salvaterra de Miño”, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles desde a súa publicación no B.O. da Provincia sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

De conformidade co art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez publicado completamente o seu texto e transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

“ORDENANZA NON FISCAL Nº1. REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ORGANIZACIÓN DE CURSOS, OBRADOIROS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS, SOCIAIS, FESTIVAS E CULTURAI POLO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO.

Artigo 1º.- Fundamento e contido.


De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e dentro das competencias recoñecidas ós Concellos, artigos 4 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime Local.

Artigo 2º.- Concepto.

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades culturais, cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais e festivas competencia do Concello, sempre que non concorran ningunha das circunstancias específicas no artigo 20.1 b) do TRLRFL.

Artigo 3º.- Obrigados ao pago

- 1.-Estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.
- 2.- Quen pretenda non estar suxeito á obriga de pago ou ter dereito a algunha redución nas tarifas deberá solicitalo por escrito, alegando e acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Artigo 4º.- Contía.

- 1.- A contía do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada.
- 2.- Cando existan razón sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberase consignar nos orzamentos do Concello as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante que houbera.
3. Entenderase, salvo mención en contrario na ordenanza reguladora do prezo e nos documentos acreditativos do pago, que a tarifa sinalada nas normas específicas non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, se é o caso, deba repercutirse sobre a devandita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable e a cota resultante deberá consignarse expresa e separadamente.

Artigo 5º.- Xestión e cobro.

- 1.- O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación
- 2.- Non obstante, os prezos públicos poderán establecer a esixencia de depósito previo do importe total ou parcial, que deberá realizarse no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade. O ingreso do depósito previo non autoriza por si mesmo para a realización de actividades suxeitas a licenza, permiso ou autorización, cuxa execución deberá postergarse ata a obtención efectiva dese.


Unicamente se considerará anulada unha inscrición ou matrícula e polo tanto procederase á devolución do prezo público:

- a) Por anulación do curso, obradoiro, programa ou actividade por causa imputable á Administración.
- b) Cando o interesado notifique por escrito ao Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade ao remate do prazo establecido para a inscrición na correspondente actividade no acordo de aprobación da mesma.

Artigo 6º.- Modalidades de cobro

As modalidades recoñecidas para o cobro serán as seguintes:

1. Por ingreso directo:
 - a) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas
 - b) Mediante carta de pago acreditativa de ter ingresado o depósito previo ou a liquidación do importe do prezo que lle fose notificada conforme á petición formulada polo interesado ou por terse detectado a utilización dun servizo sen solicitude ou autorización previa.



C O N C E L L O
DE
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

2. Por recibo: Cando se trate de servizos ou actividades de devengo periódico, unha vez aboada a autoliquidación correspondente á primeira cota, aboaranse os sucesivos de acordo co seguinte procedemento:
 - a) Confeccionaranse as correspondentes listas cobratorias pola área de Xestión tributaria ou entidade coa que se concerte este servizo sobre a base do informe do responsable da actividade no que se fará constar a identificación da actividade que se trata, nome, apelidos e NIF do participante ou, no caso de menores, do pai/nai ou representante legal obrigado ao pago; importe da cota con copia do acordo da Xunta de Goberno Local que a estableza e a relación das altas, baixas ou variacións que se produzan en cada período de devengo. O cobro efectuarase dentro dos quince primeiros días de cada período, establecéndose como norma xeral a domiciliación bancaria
3. As débedas por cotas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos recadaranse conforme os procedementos xerais do Regulamento Xeral de Recadación e disposicións concordantes.
4. A Xunta de Goberno Local poderá acordar, a proposta do departamento responsable de cada actividade, a expulsión do usuario do servizo no caso de impago de dúas cotas así como no suposto de reincidencia no impago das mesmas.

Artigo 7º.- Fixación

1. O establecemento ou a modificación dos prezos públicos corresponderalle ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no artigo 47.1 do TRLRFL e no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985.
2. O establecemento dos prezos públicos requirirá a aprobación de:
 - a) Obxecto e obrigado ao pago.
 - b) Base de cálculo da cantidade que hai que pagar e tipo máximo aplicable, cando se fixe por unha porcentaxe. Nos demais casos, expresaranse os elementos e factores que determinen a contía máxima da débeda.
 - c) Se é o caso, destino ou fin concreto que vaia darse ao produto da percepción. En xeral, e se non se determina outra cousa, non terán carácter finalista, destinándose ao financiamento do orzamento municipal.
 - d) O servizo encargado da súa xestión. Se non se establece expresamente, entenderase que a súa xestión encoméndase aos servizos xerais do Concello, atendendo á especialización funcional destes.
 - e) Delegación a favor da Xunta de Goberno Local, da determinación da tarifa que hai que pagar e demais elementos determinantes da obriga e da forma de xestión do prezo público.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Artigo 8º.

Para o non previsto nesta Ordenanza nin nos acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos, estarase ao disposto no TRLRFL, na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento xeral de recadación e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Deberán entenderse desestimadas, cando non recaia resolución dentro do prazo en que teñen que ser resoltos, os procedementos de exercicio do dereito de petición e os de impugnación de actos e disposicións, así como todos aqueles en que unha norma con rango de lei ou de Dereito Comunitario Europeo estableza o contrario.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia manténdose en vigor en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente.”

Salvaterra de Miño, 14 de xuño de 2016.

O Alcalde.

Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro